



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 46 /2024

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) PARA FINANCIAR O PROXECTO “SERVIZO DE INTERMEDIACIÓN LABORAL PARA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE PROVINCIA DA CORUÑA 2024 ”

Na Coruña, a 10 de xullo de 2024, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante,

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, Presidente da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña, e
Doutra parte, Don Anxo Antón Queiruga Vila, Presidente da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigar nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que as persoas con discapacidade, especialmente as que presentan un grado severo, padecen altos niveis de desemprego.

Que o emprego é un elemento esencial para garantir a igualdade de oportunidades, o desenvolvemento persoal e a participación plena na vida económica, cultural e social.

Que o impulso de medidas que promovan a igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade concirne a todos os cidadáns, organizacións e entidades.

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (en adiante, COGAMI) consideran de gran interese para a provincia promover a igualdade de oportunidades no acceso ao mercado de traballo das persoas con discapacidade a través do desenvolvemento dunha serie de accións encamiñadas cara a inserción social e laboral.

Que o artigo 4.2 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe aos poderes públicos de Galicia a promoción das condicións necesarias para que a liberdade e igualdade dos individuos e os grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

Que o R.D. Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral sobre dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social, no seu artigo 39 dispón que se fomentará o emprego das persoas con discapacidade mediante o establecemento de axudas que faciliten a súa inclusión laboral, podendo consistir as ditas axudas en subvencións e cantas outras que se consideren adecuadas para promover a colocación das persoas con discapacidade.

Que COGAMI é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como misión conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e a promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación e coordinación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social, recoñece a importancia do labor que COGAMI desenvolve, sobre todo no que se refire ao fomento do emprego das persoas con discapacidade.

Que o apoio da Deputación da Coruña ao proxecto “Servizo de Intermediación Laboral para as persoas con discapacidade Provincia da Coruña 2024” permite contribuír á integración socio-laboral das persoas con discapacidade, polo que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e COGAMI acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e COGAMI (NIF: G32115941) para financiar o proxecto “Servizo de intermediación laboral para as persoas con discapacidade Provincia da Coruña 2024”, no que se integran as seguintes actividades:

- Entrevista ocupacional
- Información, orientación e asesoramento laboral.
- Intermediación laboral
- Xestión de ofertas de emprego
- Formación
- Seguimento das persoas usuarias inseridas laboralmente

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos de persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de xullo de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 01 de xaneiro de 2024.

2. Para o caso de que COGAMI non poda presentar a xustificación antes do 31 de xullo de 2025, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2025. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicaranse a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo número 35 de data 31 de maio de 2024

E en proba de conformidade, asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encazamento.

O PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS
CON DISCAPACIDADE (COGAMI)

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: Anxo Antón Queiruga Vila

A SECRETARIA XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Amparo Taboada Gil

- Itinerarios personalizados para a promoción da activación da busca de emprego.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

COGAMI desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
Gastos de persoal (Salarios e Seguridade Social)	449.440,04 €
Persoal de orientación	412.849,29 €
Persoal complementario (traballador/as sociais, técnico/a xurídico, proxectos)	22.221,48 €
Persoal de coordinación	6.892,15 €
Persoal de xestión económica	7.477,12 €
Gastos xerais	19.700,53 €
Aprovisionamentos	1.766,13 €
Reparacións e mantemento	2.833,09 €
Subministros	5.208,25 €
Comunicacións	2.414,23 €
Desprazamentos	6.557,47 €
Outros servizos externos	921,36 €
Total	469.140,57 €

*Gastos de carácter xeral da entidade (gastos de subministracións, auga, luz, etc.) que se adscriban directamente á realización da actividade subvencionada, co límite máximo do 15% dos gastos directos da actividade.

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **105.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do 22,38135 %. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.
- No caso de que o gasto xustifico non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 22,38135 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que COGAMI obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.
- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamen-

to detallado na cláusula segunda. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo

á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 01 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024.
- Unha vez rematadas as actividades, COGAMI deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.
- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á COGAMI para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á COGAMI da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada por COGAMI na documentación presentada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, COGAMI terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se fa-ga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

- COGAMI deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

- COGAMI destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documental-mente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, COGAMI deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, COGAMI poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, COGAMI queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

